

REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE CALIDADE. FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO

Acordos da Acta número 36, de 15 de marzo de 2022

LUGAR: Facultade de Formación do Profesorado

A sesión realízase presencialmente e a distancia, sesión virtual, de acordo coa lexislación aplicable no artigo 17 da lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e no “Protocolo para o uso de medios electrónicos nas reunións de órganos colexiados da USC” publicado no Taboleiro Electrónico da USC o 28/4/2020). O medio electrónico a través do que ten lugar a sesión é a plataforma institucional Ms Teams.

DATA: 15 de marzo de 2022

HORA DE INICIO: 11:00 h.

HORA DE REMATE: 12:25h.

ASISTENTES

Barreira Cerqueiras, Eva María (PDI)

Caldeiro Pedreira, M^o Carmen (PDI)

Thalía Fernández Rodríguez (Representante Estudantado)

Sara López Barreiro (Representante Estudantado)

López Gómez, Santiago (PDI)

López Rúa, Paula (PDI)

Muñoz Carril, Pablo César (PDI)

Poncet Souto, Marta M^a (PDI)

Romero Castro, María José (PDI)

Sarceda Gorgoso María Carmen (PDI)

XUSTIFICAN AUSENCIA

Brao Viña, Ana María (PAS)

Otero Urtaza, Eugenio Manuel (PDI)

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (achégase a acta).
2. Análise e reflexión sobre Informe de renovación da acreditación (curso 2020-21) do Título de Graduado ou Graduada en Mestre de Educación Infantil, e aprobación, se procede (achégase o informe).
3. Análise e reflexión sobre Informe de renovación da acreditación (curso 2020-21) do Título de Graduado ou Graduada en Mestre de Educación Primaria, e aprobación, se procede (achégase o informe).

4. Análise e reflexión sobre o desenvolvemento do Dobre Grao.
5. Aprobación, se procede, do informe de seguimientto (curso 2020-21) do Máster DAEN.
6. Rolda aberta de intervencións.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior

Sométese a aprobación a acta número 35. Ao non haber alegacións, a acta número 35 apróbbase por asentimento.

2. Análise e reflexión sobre Informe de renovación da acreditación (curso 2020-21) do Título de Graduado ou Graduada en Mestre de Educación Infantil, e aprobación, se procede

A presidenta explica que o informe xa foi presentado, analizado e debatido na Comisión de título do grao de infantil polo que cómpre que a Comisión de Calidade proceda, no seu caso, a súa aprobación.

A presidenta cédelle a palabra ao coordinador do título de Infantil, para que explique os aspectos máis salientables do informe.

O coordinador de título expón os datos máis salientables de cada criterio, e analiza e reflexiona sobre cada criterio.

A presidenta somete a aprobación o Informe de renovación da acreditación (curso 2020-21) do Título de Graduado ou Graduada en Mestre de Educación Infantil, e queda aprobado por asentimento.

3. Análise e reflexión sobre Informe de renovación da acreditación (curso 2020-21) do Título de Graduado ou Graduada en Mestre de Educación Primaria, e aprobación, se procede

A presidenta cédelle a palabra á coordinadora do título de primaria, profesora Paula López Rúa.

A profesora López Rúa toma a palabra e explica en primeiro lugar o procedemento de elaboración do informe. A continuación, a coordinadora do título destaca e reflexiona sobre diferentes aspectos do informe do título do grao en mestre de educación primaria.

A presidenta abre unha rolda de intervencións sobre os informes de renovación da acreditación dos títulos de infantil e de primaria. Toman a palabra varios profesores/as da Comisión.

A presidenta somete a aprobación o informe de renovación da acreditación (curso 2020-21) do Título de Graduado ou Graduada en Mestre de Educación Primaria, e queda aprobado por asentimento.

4. Análise e reflexión sobre o desenvolvemento do Dobre Grao

A presidenta cédelle a palabra á coordinadora do título de Primaria e Dobre Grao.

A profesora Paula López Rúa explica os datos correspondentes ao dobre grao. A coordinadora do dobre grao solicita a opinión dos membros da Comisión de Calidade sobre a incorporación dos datos do Dobre Grao, alomenos no Informe de acreditación do título de Infantil.

A presidenta da Comisión de Calidade afirma que se van incluír os datos do dobre grao no informe de renovación da acreditación do título de infantil pois así se acordou na comisión de título do grao de infantil.

A presidenta da Comisión de Calidade solicita que se inclúa como punto da orde do día a probación, se procede, do informe de seguimento (curso 2020-21) do Máster DAEN. Acéptase.

5. Aprobación, se procede, do informe de seguimento (curso 2020-21) do Máster DAEN

A presidenta da comisión informa de que o Informe de Seguimento do Máster DAEN foi aprobado na comisión do máster e enviado a área de calidade polo coordinador, profesor Eugenio Manuel Otero Urtaza.

A presidenta somete a aprobación o informe de seguimento (curso 2021-2022) do Máster Daen e apróbase por asentimento.

6. Rolda aberta de intervencións

A secretaria

Visto e praxe, a presidenta

Marta María Poncet Souto

María Carmen Sarceda Gorgoso

Sinaturas dixitais / Firmas digitais / Digital signatures

Asinante/Firmante/Signer: CARMEN SARCEDA GORGOSO, DECANO A DA FACULTADE DE FORMACION DO PROFESORADO, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 23/05/2022 11:36:40.

Asinante/Firmante/Signer: MARTA MARIA PONCET SOUTO, SECRETARIO A DA FACULTADE DE FORM DO PROFESORADO, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 20/05/2022 11:47:31.

CSV: 6F18-2892-4BA2-9B64